

---

**Rama de coñecemento**

---

Enxeñaría e arquitectura

---



---

**Créditos ECTS anuais**

---

60

---



---

**Prazas**

---

150

---



---

**Créditos ECTS totais**

---

240

---



---

**Descrición**

---

Con este grao fórmanse profesionais coas competencias legais necesarias para desenvolver a profesión regulada de enxeñaría técnica de telecomunicación. O obxectivo destes profesionais é manexar datos e información de todo tipo, participando nalgunha

das etapas do que poderíamos chamar «o ciclo de vida da información», e que abrangue procesos diversos como, por exemplo, a súa captación, manipulación, transmisión, almacenaxe ou representación.

---



---

**Saídas profesionais**

---

— Área de sistemas de telecomunicación: planificación e deseño de redes e servizos de telecomunicación, desenvolvemento de ferramentas de simulación para sistemas de telecomunicación, deseño de sistemas de transmisión de datos, planificación e deseño de instalacións de telefonía, radiocomunicación terrestre e mariña, deseño de antenas, televisión por cable e por ondas, deseño de interfaces de comunicación...

— Área de sinal e comunicacións: xeración, análise, transmisión e detección de sinais eléctricos, electromagnéticos e ópticos, procesamento de sinais...

— Área de imaxe e son: instalacións audiovisuais (estudios de gravación sonora, centros de produción de televisión, emisoras de radiocomunicación...) enxeñaría audiovisual (deseño, implementación ou mantemento de equipos audiovisuais; deseño, acondicionamento e/ou illamento acústico de locais; manexo/manipulación de información multimedia)...

---

— Área de novas tecnoloxías: aplicación de novas tecnoloxías na medicina (deseño e mantemento de equipos médicos, «saúde móbil», teleasistencia), bioenxeñaría, tele-ensinanza, administración dixital, fogar dixital, deseño e control de innovacións do sector das telecomunicacións...

— Área de informática: deseño de computadores, desenvolvemento de software (aplicacións web e móbil), telemática, cibernética.

— Área de redes e servizos: deseño, instalación e xestión de redes de datos, deseño de protocolos de rede, interoperatividade de redes, redes de datos de alta velocidade, seguridade nas comunicacións ...

— Área de electrónica: dispositivos electrónicos de control e telecontrol, de alarma, electroacústica, electroóptica, industria eléctrica e electrónica...

---



---

**+ Info**

---

— Sistemas de telecomunicación: é a máis xenérica.

— Sistemas electrónicos: serán os enxeñeiros/as electrónicos especialistas en sistemas de telecomunicación.

— Sonido e imaxe: son os nosos titulados/as expertos no tratamento do audio e vídeo.

---

— Telemática: son os chamados «enxeñeiros/as de internet». Constrúen, xestionan e fan funcionar as infraestruturas da rede; e tamén se ocupan do software necesario para que internet sexa operativa e útil.

---